



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas Externas

Materia	Prácticas Externas			
Código	P04M110V01301			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Pontevedra			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	24	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://http://abogaciapontevedra.webs.uvigo.es/es/			
Descrición xeral	As prácticas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polo alumnado universitario e supervisada polas universidades. O seu obxectivo principal neste máster é permitir que o estudante complemente e aplique os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo en xeral o desenvolvemento das competencias necesarias para o exercicio da profesión da avogacía.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo
B6	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
C1	Posuír, comprender e desenvolver habilidades que posibiliten aplicar os coñecementos académicos
C2	Coñecer as técnicas dirixidas á indagación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento, especialmente a produción de documentos, os interrogatorios e as probas periciais.
C3	Coñecer e ser capaz de integrar a defensa dos dereitos dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.
C5	Coñecer e saber aplicar os dereitos e deberes deontolóxicos profesionais nas relacións do avogado co cliente, as outras partes, o tribunal ou autoridade pública e entre avogados.
D1	Capacidade de síntese e análise.
D2	Capacidade de xestión da información
D3	Capacidade de organizar e planificar.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Enfrontarse a problemas deontolóxicos profesionais.	A2 A3 A4 A5 B5 B6 C1 C2 C3 C5 D1 D2 D3
Familiarizarse co funcionamento e a problemática de institucións relacionadas co exercicio da Avogacía.	A2 A3 B5 B6 C1 C2 C3 C5
Coñecer a actividade do resto de operadores xurídicos, así como de profesionais relacionados co exercicio da profesión.	A2 A3 B6 C1 C2 C3 C5
Recibir información actualizada sobre o desenvolvemento da carreira profesional e as posibles liñas de actividade, así como acerca dos instrumentos para a súa xestión.	A3 B5 B6 C3 C5 D2
Desenvolver as competencias e habilidades necesarias para o exercicio da profesión de avogado.	A2 A3 A4 A5 B5 B6 C1 C2 C3 C5 D1 D2 D3

Contidos

Tema

I. Acompañamento a avogados en asistencias da quenda de oficio.	I. Acompañamento a avogados en asistencias da quenda de oficio.
II. Presenza nas consultas do Servizo de Orientación Xurídica.	II. Presenza nas consultas do Servizo de Orientación Xurídica.
III. Asistencia a todo tipo de actuacións procesuais.	III. Asistencia a todo tipo de actuacións procesuais.
IV. Participación en actividades colexiais.	IV. Participación en actividades colexiais.
V. Actividades nas Administracións Públicas	V. Diputacións e Concellos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticum, Practicas externas e clínicas	570	0	570
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas (Repetida non usar)	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	As prácticas externas consistirán en: - Traballo en sedes xudiciais - Traballo en institucións oficiais - Traballo en despachos de avogados - Traballo en Colexio de avogados

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co desenvolvemento das prácticas externas.
Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas(Repetida non usar)	Atenderanse as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa elaboración do informe e da memoria, co fin de orientalo na elaboración da mesma.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Realización de prácticas externas nas institucións e despachos asignados. Informe realizado polo titor/a profesional.	80	A2 B5 C1 D1 A3 B6 C2 D2 A4 C3 D3 A5 C5
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas(Repetida non usar)	Memoria de prácticas realizada polo estudante.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES NO MESTRADO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO:

ARTIGO 11: AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS 1. A avaliación das prácticas será levada a cabo polo titor/a académico/a asignado ao alumno. Para poder ser avaliado positivamente é necesario: a) Non faltar inxustificadamente a máis dun 10% das horas que conforman a práctica. b) Que a cualificación global que figure no Informe de Seguimento emitido polo titor/a da entidade externa sexa igual ou superior a cinco puntos sobre dez. c) Entregar ao titor/a académico/a no prazo previamente establecido dende a dirección do Mestrado a Memoria de Prácticas Externas, axustándose ao modelo incorporado ao Anexo I da presente normativa. 2. O titor/a académico/a elaborará un Informe de Valoración Final no que determinará a cualificación final. Para iso terá en conta de forma prioritaria o Informe de Seguimento remitido polo titor/a da institución colaboradora e a Memoria presentada polo alumno/a, pero poderá valorar tamén o interese demostrado polo estudante, as titorías académicas levadas a cabo en relación coa práctica, así como calquera outro factor do que se deduza un bo resultado na aprendizaxe. 3. En función de todos estes factores, se a cualificación obtida no Informe de Seguimento do titor/a da entidade colaboradora é igual ou superior a cinco, o titor/a académico/a poderá incrementar a cualificación do alumno até en dous puntos e medio, sen que a cualificación final poida superar os dez puntos. Pola contra, o titor/a non poderá rebaixar a nota asignada ao alumno/a no Informe de Seguimento emitido polo titor da institución colaboradora que poderá ser ata 8 puntos. 4. No caso de que o estudante non reúna algún dos tres requisitos enumerados nos apartados a), b) e c) deste precepto, recibirá a cualificación de [Suspenseo].

SEGUNDA CONVOCATORIA: Aplicarase igualmente o citado artigo 11 da Normativa de prácticas externas.

As datas de entrega dos informes do titor externo e da memoria de prácticas realizada polo estudante será a aprobada pola Comisión Académica do máster e pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Traballo de Fin de Máster/P04M110V01302

Outros comentarios

Recoméndase a consulta para o seu coñecemento da NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES NO MESTRADO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE CIENCIAS. Pode consultarse no seguinte enlace <http://abogaciapontevedra.webs.uvigo.es/es/informacion/normativa>
